

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 05 DE AGOSTO DO 2021.**

ASISTENTES:

Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS Membros que asisten: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten:
--	--

No Salón de Sesiós da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Cinco de Agosto do Dous mil vinte e un, reúnense os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 29/07/2021

2.- ACORDO INDEMNIZACIÓN A FAVOR DE AXIÑA SERVIZOS DEPORTIVOS, S.L.

Visto o contrato asinado entre o Concello de Ribeira e Axiña Servizos Deportivos, S.L. para a prestación do contrato de Servizos de masaxe, socorrismo, conserxería, monitorado de actividades dirixidas, asesoramento sala fitness, dinamizacións das pistas de padel e coordinación dos servizos de monitorado do Complexo Deportivo A Fieiteira.



Visto que por Decreto de Alcaldía de data 19 de maio de 2020 declarouse a imposibilidade da execución do contrato de Servizos de masaxe, socorrismo, conserxería, monitorado de actividades dirixidas, asesoramento sala fitness, dinamizacións das pistas de padel e coordinación dos servizos de monitorado do Complexo Deportivo A Fieiteira dende a data de 1 de maio de 2020, de entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, polo que o contrato quedou suspendido ata que a prestación poida renovarse.

Visto que por Decreto de data 2 de marzo se levantou a suspensión sobre dito contrato, pero que dito levantamento non afectou á totalidade das prestacións obxecto do contrato.

Visto o escrito presentado por Axiña Servizos Deportivos, S.L. na data 21 de xullo de 2021 no que solicita a indemnización de danos e prexuízos establecida no artigo 34.1 do Real Decreto Legislativo 8/2020 para o período de maio de 2021, que ascende a 5.914,51 euros.

Visto o informe de intervención de data 02/08/2021.

Vista a proposta da Alcaldía, de data 03/08/2021, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Aprobar a indemnización de danos e prexuízos do contrato de Servizos de masaxe, socorrismo, conserxería, monitorado de actividades dirixidas, asesoramento sala fitness, dinamizacións das pistas de padel e coordinación dos servizos de monitorado do Complexo Deportivo A Fieiteira correspondente ao mes de maio de 2021, a favor da concesionaria Axiña Servizos Deportivos, S.L. por un importe de 3.723,87 euros.

SEGUNDO.- Recoñecer a obriga por dito importe con cargo á aplicación orzamentaria 342.22707 e ordenar o pago da mesma.

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202107/386

Dáse conta á **Xunta de Goberno Local** do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 30/07/2021 "Decreto: APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE "PAVIMENTACIÓN E PLUVIAIS NA RÚA TRANSVERSAL Á AVENIDA RAMIRO CARREGAL (POLÍGONO DE XARÁS)""

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202108/008

Dáse conta á **Xunta de Goberno Local** do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 03/08/2021 "Decreto: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A "SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE DE CALEFACCIÓN PARA OS EDIFICIOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE RIBEIRA""



5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202108/009

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 03/08/2021 "Decreto: EXCLUSIÓN DO PRIMEIRO CLASIFICADO E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN Ó SEGUINTE CLASIFICADO, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A "SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA PROXECTO DE COMPOSTAXE COMUNITARIO E COMPOSTAXE DOMÉSTICO NO CONCELLO DE RIBEIRA""

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202108/011

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 03/08/2021 "Decreto: Requirimento de aclaracións das Declaracións Responsables presentadas no expediente de "SERVIZOS DE MANTEMENTO DE ASCENSORES, MONTACARGAS, ESCALEIRAS MECÁNICAS E PORTAS AUTOMÁTICAS EN EDIFICIOS PROPIEDAD DO CONCELLO DE RIBEIRA E CENTROS ESCOLARES""

7.- OUTORGAMENTO DE PERMISO DE VERTIDO - FRINSA DEL NOROESTE, S.A.

REDE DE SANEAMENTO: COLECTOR INDUSTRIAL INDEPENDENTE
EXPEDIENTE: 2017VERT000004
SOLICITANTE: FRINSA DEL NOROESTE, S.A.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. ANTECEDENTES

Jesús Ángel Pisos Arnoso, en representación de **Frinsa del Noroeste, S.A.**, presenta na sede electrónica do Concello de Ribeira un escrito, de data 29 de novembro de 2017 (entrada núm. 18.986), mediante o que solicita un novo permiso municipal de vertedura adaptado aos requirimentos da nova Ordenanza municipal para a actividade de planta de elaboración de conservas de peixes, mariscos e pratos preparados no Polígono Industrial de Xarás, Ribeira. Achégase ao escrito documentación para o seu exame e análise: memoria técnica de solicitude de permiso municipal; copia da resolución de 11 de abril de 2008, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se outorga a autorización ambiental integrada para a planta de elaboración de conservas de peixes, mariscos e pratos preparados, no Concello de Ribeira (A Coruña), titular: Frinsa del Noroeste, S.A., clave: 2007/0016_NAA/IPPC; informe de resultados analíticos; e planos.

Escrito de Alcaldía de data 26 de decembro de 2017 (escrito con data do 27 de decembro de 2017, saída núm. 7.684), mediante o que se lle solicita á empresa concesionaria dos servizos de abastecemento de auga potable e saneamento do Concello de Ribeira, Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U., informe sobre a solicitude de permiso de vertedura efectuada por Frinsa del Noroeste, S.A.

Informe referente á solicitude de permiso de vertedura ás instalacións municipais de saneamento presentada por Frinsa del Noroeste, S.A., emitido polos servizos técnicos de Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U., asinado por Lidia Golobardas Otero, en calidade de Técnica de Control de Verteduras (sinatura electrónica de data 9 de xullo de



2021), e por Cristina Casas Pérez, en calidade de Responsable de Operacións (sinatura electrónica de data 10 de xullo de 2021), achegado mediante oficio de data 12 de xullo de 2021 (entrada núm. 12.294).

2. NORMATIVA APLICABLE

- Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia
- Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento do Concello de Ribeira (OVR)
- Ordenanza fiscal B.1.14 reguladora da taxa pola prestación do servizo de saneamento (OFR)

3. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

Establece o artigo 9 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*, ao referirse á obriga de conexión á rede municipal de saneamento, o seguinte: “1. A conexión á rede municipal de saneamento será obrigatoria para todos os usuarios (domésticos e non domésticos) que se atopen a menos de 50 metros desta. Non obstante, por razóns técnicas, o punto exacto de conexión ou entroncamento coa rede municipal de saneamento será determinado polos técnicos municipais aínda que se supere esa distancia. (...)”

Establece o artigo 16 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*, ao referirse á solicitude do permiso de vertedura, o seguinte: “1. Antes de efectuar ningunha vertedura de augas residuais ao sistema, os titulares das actividades indicadas no artigo 14 deben solicitar ao Concello o correspondente permiso de vertedura e, para estes efectos, achegarán a documentación que se indica no Anexo V desta ordenanza. (...)”

Establece o artigo 17 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*, ao referirse ao procedemento para a obtención do permiso de vertedura, o seguinte: “1. O procedemento para obter o permiso de vertedura, no caso de actividades comprendidas no ámbito de aplicación da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación (IPPC) ou, de ser o caso, na normativa de execución que aprobe a Comunidade Autónoma de Galicia, será o establecido nas mencionadas normas.

2. Noutro caso, serán de aplicación as normas do procedemento administrativo común.

3. En ningún caso é posible a obtención do permiso de vertedura por silencio administrativo, que será desestimatorio.

4. De acordo cos datos achegados polo solicitante, o Concello resolverá no sentido de:

a) Prohibir totalmente a vertedura cando as características que presente non poidan ser corrixidas polo oportuno tratamento previo. Neste caso, o interesado deberá solicitar a correspondente dispensa de vertedura á rede de sumidoiros pública, xuntando á súa solicitude o estudo demostrativo da imposibilidade da vertedura á rede de colectores de titularidade municipal. A entidade xestora obrigará ao solicitante a proceder á desconexión da súa rede privada de saneamento da rede pública no caso de que xa estivese realizada a acometida.

b) Autorizar a vertedura de forma condicionada.

c) Autorizar a vertedura sen máis limitacións que as contidas nesta ordenanza.

5. En todo caso, a denegación do permiso será motivada e indicará necesariamente as razóns que a determinen, cuxa corrección producirá o seu outorgamento.

6. En caso de solicitude de novas acometidas, a obtención previa do permiso de vertedura presentarase xunto á solicitude de acometida á rede de saneamento municipal.”

Establece o artigo 18 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*, ao referirse ao contido do permiso de vertedura, o seguinte: “O permiso de vertedura que outorgue o Concello incluírá, como mínimo, os seguintes puntos:



- a) Datos de identificación do titular da actividade e do inmovible, planta, instalación ou local onde se xera a vertedura.
- b) Cualificación do usuario e tipoloxía de augas residuais.
- c) Identificación e localización do punto de vertedura. A situación (coordenadas UTM) do punto de conexión coa rede de saneamento municipal.
- d) Orixe e características dos efluentes de augas residuais autorizados.
- e) Os valores límite de emisión, ou valores límite de vertedura, das características cualitativas da vertedura, tanto en valor medio diario máximo como en valor instantáneo máximo.
- f) Os límites cuantitativos da vertedura, indicando o caudal medio e o caudal máximo instantáneo en metros cúbicos por hora, día e ano. No caso do caudal máximo, ademais indicárase a súa frecuencia e duración.
- g) Horario de vertedura.
- h) Características da sección de control que deberá instalar o titular da vertedura segundo o disposto no ANEXO VIII, punto 9, alínea e), que deberá estar operativa en menos de seis (6) meses dende a concesión do permiso de vertedura.
- Seránlle especificados os equipamentos para a medida de caudal e para a toma de mostras, así como posibles equipamentos para a medida en continuo de determinados parámetros de contaminación. Especificaranse tamén os equipamentos de rexistro dos valores medidos e o intervalo de rexistro. Estes equipamentos deberán permitir, polo menos, a medida e rexistro do caudal instantáneo e do caudal totalizado nun período determinado de tempo e sen posibilidade de posta a cero. Ademais, no caso de que o caudal se obteña a partir dos calados medidos nunha sección de control calibrada, o usuario gardará os rexistros das ditas medidas de calado. Como consecuencia dos procesos de inspección, a entidade xestora poderá solicitar a modificación das características da sección de control.
- i) Prazo para adaptarse aos límites de vertedura especificados no propio permiso.
- j) O programa de control da vertedura. O titular da vertedura deberá realizar un programa de autocontrol nos supostos de verteduras que comporten un risco elevado de impacto sobre o sistema de saneamento, de acordo co disposto no artigo 27. A Entidade Xestora definirá en cada caso particular as verteduras que supoñan un risco elevado, en función do caudal de vertedura, dos contaminantes, ou das cargas contaminantes.
- k) O formato e contido dos informes do autocontrol que o titular do permiso de vertedura lle deba remitir a entidade xestora, especificando a súa periodicidade.
- l) Prazo de validez do permiso de vertedura.
- m) As actuacións e medidas que, en caso de emerxencia, deban ser postas en práctica polo titular do permiso de vertedura e o protocolo de contacto directo coa entidade xestora para a comunicación de verteduras accidentais e de emerxencia.
- n) No seu caso, excepcións temporais dos requirimentos do Anexo IV, "Nota 13: Parámetros tratables na EDAR ou de impacto pouco significativo sobre os obxectivos de calidade dun medio receptor.", sempre que se aprobe un programa que garanta o seu cumprimento no prazo que fixe a Entidade Xestora. Finalizado o prazo fixado o Concello realizará unha inspección para verificar o fin da situación de excepción.
- o) En razón dos riscos da actividade, poderanse requirir para a obtención do permiso de vertedura seguros, avais ou fianzas que cubran os posibles danos derivados dos ditos riscos.
- p) Para os permisos que resulten da solicitude sinalada no Artigo 16.2, os condicionantes baixo os que se decide outorgar o permiso de vertedura.
- q) Calquera outra condición que a entidade xestora considere oportuna en razón das características específicas do caso."

4. PROPOSTA DE ACTUACIÓN

Visto o informe referente á solicitude de permiso de vertedura ás instalacións municipais de saneamento presentada por Frinsa del Noroeste, S.A., emitido por Lidia Golobardas Otero, en calidade de Técnica de Control de Verteduras (sinatura electrónica de data 9 de xullo de 2021), e por Cristina Casas Pérez, en calidade de Responsable de Operacións (sinatura



electrónica de data 10 de xullo de 2021), achegado mediante oficio de data 12 de xullo de 2021 (entrada núm. 12.294).

Visto que a visita de inspección ás instalacións se realizou na data do 18 de abril de 2018, en compañía do Técnico Municipal de Medio Ambiente deste Concello.

Visto que o informe técnico resulta favorable de cara ao outorgamento do permiso municipal de vertedura.

Visto o informe técnico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 27/07/2021.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

- **Outorgar permiso municipal de vertedura á rede municipal de saneamento (colector industrial independente) á empresa Frinsa del Noroeste, S.A. para as súas instalacións localizadas no Polígono Industrial de Xarás, Avenida Ramiro Carregal Rey, 29, Ribeira.**

PERMISO DE VERTEDEURA:

a) Datos de identificación do titular da actividade/inmable, planta, instalación ou local onde se xera a vertedura:

Nome / Razón social: Frinsa del Noroeste, S.A.
CIF/DNI: A-15010564
CNAE: 1022 "Fabricación de conservas de pescado e marisco"
Enderezo: Polígono Industrial de Xarás, avenida Ramiro Carregal Rey, 29, Ribeira
Referencias catastrais das principais instalacións: 0339101NH0103N0001WW e 15074A938015780000UU.
Consumo de auga: 1.203.728 m³/ano.
Observacións: conta coa autorización ambiental integrada con número de rexistro 2007/0016_NAA/IPPC

b) Cualificación do usuario e tipoloxía de augas residuais:

Segundo o Regulamento do Dominio Público Hidráulico (Anexo VII da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*) a actividade clasifícase: Clase 1- Grupo 4. Conserveira.

Mestura de augas residuais industriais e augas residuais asimilables a domésticas.

c) Identificación e localización do punto de vertedura. A situación (coordenadas UTM) do punto de conexión coa rede de saneamento municipal:

A instalación conta con acometida á rede de saneamento municipal.

As coordenadas UTM do pozo de rexistro existente, onde conecta a súa acometida de saneamento principal, e se conectan as augas residuais industriais pretratadas, son as seguintes: X: 500147,1081; Y: 4713633,7288; ED50.

A empresa conta con outras dúas acometidas secundarias de augas residuais, que se corresponden con efluentes de auga industrial e sanitaria das naves-almacén: X: 500201,9109; Y: 4713692,4388; e X: 500151,2388; Y: 4713654,9413; ED50.

As augas pluviais, sendo estas augas non susceptibles de afección, están totalmente segregadas interiormente das augas do proceso. As augas pluviais xeradas nas instalacións atópanse conectadas á rede de saneamento de augas residuais. Non se respecta a rede separativa. A empresa debe solicitar a conexión ou conexións correspondentes á rede municipal de augas pluviais.

d) Orixe e características dos efluentes de augas residuais autorizados.

Memoria descritiva da actividade:

A empresa Frinsa del Noroeste, S.A. dedícase á fabricación de conservas de peixe, mariscos e cefalópodos.

As instalacións ocupan unha extensión aproximada de 60.000 m², dos cales están edificadas 24.263 m². Nestas instalacións prodúcense principalmente conservas de túnidos, dedicándose en menor medida á fabricación de conservas de peixe, mariscos e pratos preparados. Para isto dispón de cinco plantas:

- F1 e F2 (plantas de produción e zona de oficinas)
- F3 (planta de coxeneración)
- F4 (planta de produtos especialidades)
- F5 (almacén frigorífico)
- F6 (almacén de produto final)

Dentro do proceso produtivo diferéncianse as seguintes liñas de proceso, as cales posúen etapas en común:

- Liña de fabricación de atún cocido.
- Liña de fabricación de conservas de atún cru.
- Liña de fabricación de filetes de atún cru, conxelados ou refrixerados e steaks.
- Liña de fabricación de lombos de atún cocidos, conxelados ou refrixerados.
- Liña de fabricación de conservas de ensaladas.
- Liña de fabricación de conservas de mexillón e zamburiña en vianda.
- Liña de fabricación de conservas de cefalópodos.
- Liña de fabricación de conservas de berberecho, ameixa, navalla e zamburiña.
- Liña de fabricación de tapas de apertura fácil de envases (latas) por embutición para produto terminado.

As etapas de proceso xerais son as seguintes:

- a) Recepción en factoría: a materia prima chega conxelada en colectores metálicos ou en camiós a granel.
- b) Distribución segundo especie, orixe e tamaño: clasificación dos distintos tipos de pescado recibido.
- c) Almacenamento en cámara de conxelación/refrixeración do pescado que non se procesa no mesmo día.
- d) Distribución do pescado conxelado en grellas en función do peso antes de cocer, sempre que sexa de peso inferior a 10 kg, en caso contrario deberá ser cortado previamente a esta etapa.
- e) Corte: realizárase cando as pezas son demasiado grandes.
- f) Cocción (en vapor o en auga): actualmente a tendencia é realizar a cocción a vapor, xa que se aumenta a calidade do peixe e non existe espera con respecto ao seguinte proceso.
- g) Arrefriado en cámara de refrixeración: faise só no peixe cocido en auga como paso previo á limpeza.
- h) Prelimpeza: eliminación de cabeza, espina, vísceras e pel.
- i) Limpeza: limpeza máis profunda das pezas.
- j) Revisión da limpeza: control da calidade da limpeza.

- k) Enchido de latas: operación realizada por máquinas empacadoras nas que o persoal coloca o peixe ordenadamente.
- l) Adición de líquido de cobertura: dosificación do líquido (salmoira, aceite, escabeche ou tomate) nas latas para cubrir o produto.
- m) Unha vez que a lata está chea procédese ao pechado da mesma mediante un sistema hermético realizado en dous operacións, evitando de este modo calquera alteración do produto.
- n) Lavado de latas: eliminación dos restos adheridos á lata.
- o) Esterilización: tratamento térmico mediante autoclaves para destruír os xermes capaces de producir toxinas ou alterar o alimento. A auga empregada nesta e na seguinte fase está clorada.
- p) Arrefriado de latas: realízase coas latas no interior do autoclave e baixo presión para evitar que o pescado sufra unha cocción excesiva.
- q) Secado de latas: secado con aire quente para eliminar restos de auga da superficie.
- r) Codificación: aplicación con tinta, dun código con diversa información que permite seguir unha perfecta trazabilidade.
- s) Etiquetado: colocación das etiquetas que no sexan serigrafiadas.
- t) Acondicionamento: colocación en packs e caixas mediante estuchadoras e posterior montado en palets.
- u) Almacenamento a temperatura ambiente: os palets gardaranse en condicións adecuadas para evitar humidade ou calquera deterioro.
- v) Saída do produto: unha vez que as latas pasan todos os controles son enviadas aos clientes.

Ademais destas, existen outras etapas específicas de cada unha das liñas de proceso. A continuación faise unha breve descrición de cada una delas:

- a) Liña de fabricación de atún cru: desconxelación en auga a temperatura controlada; fileteado manual a coitelo e pelado; limpeza de filetes.
- b) Liña de fabricación de filetes de atún crus conxelados ou refrixerados e steaks: tratamento con auga hipercolorada; empacado dos filetes en bolsas; peche en baleiro e retractilado; peche das bolsas e introdución para axustar ao máximo o plástico sobre o atún; conxelación por contacto en armarios; refrixeración con xeo; desmoldeo, corte con serra e glaseo de steaks.
- c) Liña de fabricación de lombos de atún cocidos, conxelados ou refrixerados: empacado de lombos en bolsas; peche en baleiro e retractilado; detector de metais.
- d) Liña de fabricación de conservas de ensaladas: recepción de vexetais e ingredientes; adición de túnidos nas latas; adición de vexetais; preparación de salsas.
- e) Liña de fabricación de conservas de mexillón e zamburiña en vianda: deshidratación (eliminación parcial da auga do molusco nun túnel de vapor; clasificación/revisión por tamaños das pezas a través de barutos vibratorios; revisión visual e preparación de salsas.
- f) Liña de fabricación de conservas de cefalópodos: tenderización (introdución da carne do cefalópodo nunha solución de auga cun aditivo para darlle unha textura máis branda); cocción; lavado por inmersión e corte automático.
- g) Liña de fabricación de conservas de berberecho, ameixa, navalla e zamburiña: descascado (inmersión en salmoira saturada: por flotación a concha afúndese e a vianda flota); lavado/desareado (a vianda pasa por uns chorros, bombos xiratorios e recipientes de auga doce); clasificación (con máquinas clasificadoras provistas de vibradores e cribas); empaque (enchido das viandas clasificadas); preparación de salsas (en tanques con axitación).
- h) Liña de fabricación de tapas de apertura fácil: localizada na nave 6, xunto as demais liñas de fabricación de envases.

As etapas auxiliares resúmense en:



- a) Sistema de recollida e envío de augas residuais á planta de tratamento: as augas residuais de lavado recóllense na instalación de saneamento interior das diferentes naves e se bombean á depuradora, someténdose previamente a unha retirada de sólidos.
- b) Reutilización e aproveitamento de auga: o arrefriado controlado das latas esterilizadas realízase con intercambiadores de calor. Esta auga reutilízase con posterioridade.
- c) Sistema de lavado de latas e caixas: na primeira etapa engádese un deterxente, na segunda un desengraxante e na terceira etapa lávase con auga. A auga utilizada nestas lavadoras é a procedente do arrefriado de esterilización.
- d) Equipos de cloración de auga: o depósito de acumulación de auga de arrefriado de autoclaves dispón dun dispositivo de cloración automática. A sala de fileteado de atún dispón dun equipo de cloración propia.
- e) Planta de coxeneración: abastece de enerxía eléctrica e térmica (vapor e auga quente) a todas as factorías.
- f) Caldeiras de apoio: situadas na planta de coxeneración, co fin de aumentar a capacidade de produción de vapor da planta.
- g) Depuración de augas industriais e fecais, antes da súa incorporación á rede municipal de saneamento.

Datos de produción:

A empresa desenvolve as actividades de produción, elaboración, transformado e envasado de principalmente conservas de túnidos, dedicándose en menor medida á fabricación de conservas de peixe, mariscos e pratos preparados.

As materias primas que utilizan durante o proceso de produción son as seguintes:

MATERIA PRIMA	CANTIDADE (t/ano)
Túnidos e outros peixes	70.208
Mariscos (cuncha e vianda)	1.274
Cefalópodos	403
Ingredientes ensaladas	57
Aceite e vinagre	14.451
Sal	972
Total	87.365

Entre as materias primas auxiliares que utilizan, son aceites, vinagres, sal e ingredientes de ensaladas, ademais de azucre, sal, viño, tomate, arroz, fabas, millo, chícharos, pasta italiana, e os envases de vidro, cartón, etiquetas e diferentes produtos de limpeza.

As que se mencionan a continuación, son utilizadas para a fabricación de envases:

MATERIA PRIMA	CANTIDADE (t/ano)
Chapas pretratadas	27.200
Lámina peel-off	1.000
Verniz en po electrostático	27,2
Verniz líquido exterior	14,5
Composto de selo de tapas	52,0
Total	28.293,7

Os consumos principais nas instalacións auxiliares son os seguintes:



CONSUMOS AUXILIARES	CANTIDADE
Electricidade	28.903 MWh/ano
Gas natural	21,47 GWh/ano (1.835.000 Nm ³ /ano)
Nitróxeno	20.524 Nm ³ /ano

A continuación, sinálanse os datos de produción do ano 2016. Os produtos finais procesados son as conservas e envasados para a súa comercialización:


PRODUTO	PRODUCCIÓN 2016
Latas de conserva	543.450.000 ud/ano
t produto terminado	80.600 t/ano

A continuación indícanse as capacidades de produción por produto e o seu grado de utilización das instalacións:

PRODUCCIÓN	CAPACIDADE PRODUTIVA
Atún	38.428.656 kg/ano (76,89%)
Outros peixes	18.066,80 kg/ano (71,20%)
Cefalópodos	4.566 kg/ano (72,03%)
Ensaladas	269.477 kg/ano (69,61%)
Mariscos	204.819 kg/ano (71,10%)

Balance de augas:

As augas residuais estarán formadas polo conxunto de augas residuais industriais e augas residuais fecais asimilables a domésticas.



O caudal de augas residuais industriais, son orixinadas durante o proceso produtivo durante as etapas de corte, cocción, enlatado, baldeos e lavados de zonas de traballo, nun 86%. O caudal usado en esterilización, e que non é reutilizado, representa un 14% do caudal vertido.

O caudal de auga vertida, considérase unha porcentaxe en torno a 85-99% (calculado a partir de datos de consumo e vertido do ano 2018) do caudal consumido de auga potable, debido á reutilización de parte do caudal de auga utilizado en esterilización. O caudal total estimado de augas residuais vertidas é de entre 1.023.169 – 1.191.690 m³/ano, cun caudal medio de entre 193 - 197 m³/h.



O caudal de augas residuais fecais de tipo asimilable a doméstica, fórmano as augas procedentes dos aseos, vestiarios e limpeza das instalacións de oficinas. O porcentaxe destas características, é, segundo a empresa, depreciable.

As augas pluviais recollidas na parcela, consideradas augas brancas, non susceptibles de afección están formadas por augas limpas procedentes da cuberta. A empresa verte actualmente as augas pluviais de forma conxunta coas augas residuais. Aínda que existe segregación interior na parcela. A empresa deberá solicitar a conexión correspondente que permita respectar a rede separativa.

A empresa deberá aportar o dato de augas pluviais xeradas xunto co cálculo xustificativo no prazo establecido no epígrafe i) desta proposta.

BALANCE DE AUGAS				
Tipoloxía			Fracción en %	Q medio anual
Auga residuais asimilables a domésticas			Depreciable	Depreciable
Augas residuais	Augas residuais industriais	Proceso produtivo (corte, limpeza, cocción)	86%	1.035.206 m ³ /ano
		Esterilización (fracción non reutilizada)	14%	168.522 m ³ /ano
Augas brancas	Augas pluviais		Dato non aportado	Dato non aportado

A empresa presenta planos da instalación interior da rede de saneamento.

AUGA DE VERTE DURA		
Caudal medio anual*	1.203.727	m ³ /año
Caudal medio mensual*	100.311	m ³ /mes
Caudal medio diario*	4.777	m ³ /día
Caudal punta horario*	200	m ³ /h

Sistemas e unidades de tratamento das augas residuais:

As augas residuais asimilables a domésticas, procedentes dos aseos, vestiario e limpeza das oficinas, son unha parte vertidas directamente á rede de saneamento municipal, e outra parte levadas ata a EDARI.

As augas residuais industriais caracterízanse polo seu contido de materia orgánica carbonosa e nitroxenada, graxas e aceites, sólidos en suspensión e a ausencia de substancias tóxicas. De acordo á orixe e características físicoquímicas, distínguense tres vertidos fundamentais:

- Auga residual xerada durante proceso de produción e que inclúe todas as operacións unitarias mencionadas nos apartados anteriores, con excepción da esterilización. Entre estes efluentes inclúense tanto as correntes con alta carga como cocción, corte de peixe grande, deshidratación de mariscos, etc. como correntes de baixa carga como son os baldeos de



fábrica. A totalidade das verteduras son conducidos ao pozo de bombeo a través da rede de saneamento interior para ser posteriormente bombeados para tratamento na EDARi.

- Auga residual asimilables a domésticas xeradas en baños e vestiarios de fábrica e oficinas, son enviadas tamén a pozo de bombeo para o seu tratamento na planta depuradora.

- Augas de esterilización. Tal e como se comentou en apartados anteriores, unha fracción importante da auga xerada dentro da etapa de esterilización reutilízase dentro de fábrica. O volume excedente vértese conxuntamente coa auga previamente tratada na EDARi. Esta corrente non contén contaminación que faga necesaria a actuación sobre ela, aínda que si se cuantifica volumetricamente (caudalímetro final) e pasa polo control final de pH, condutividade e turbidez. No mes de xuño de 2017 instalouse unha válvula pilotada no fondo de tanque de auga procedente de arrefriado de autoclaves que permite conseguir unha laminación automática do exceso de auga.

- A empresa ten completamente segregadas as augas pluviais das augas residuais.

Frinsa traballa en 3 quendas diarias, o que implica unha xeración de vertedura bruta durante 24 horas ao día. A planta de tratamento funciona en continuo, amortecendo nas diferentes unidades de depuración as variacións horarias que poida experimentar a vertedura bruta, de modo que a vertedura final estará perfectamente laminada en carga e caudal.

En canto ás variacións estacionais, é necesario considerar:

- Tal e como se pode deducir dos consumos de materias primas, o procesado de túnidos representa practicamente a totalidade da produción, por tanto, producións estacionais como son os mariscos (fundamentalmente mexillón) apenas teñen efecto sobre as características da vertedura e/ou caudais vertidos.

- Dependendo das circunstancias puntuais do mercado, Frinsa pode procesar túnidos enteiros ou lombos cocidos. Entre unha ou outra modalidade existe unha diferenza moderadamente significativa en carga contaminante de entrada á EDAR, pero esta diferenza é apenas perceptible en canto a caudal de vertedura (o efluente procedente da cocción achega unha carga importante pero un caudal moi reducido). En todo caso, a EDAR está preparada para traballar con diferentes escenarios de carga asumindo esas variacións dentro do proceso, por tanto a calidade da vertedura final non dependerá dos devanditos cambios na composición de entrada, aínda que si afectará a outros puntos do proceso como son os custos de explotación.

- Por último, segundo os rexistros de caudal de abastecemento, obsérvase tipicamente un incremento do consumo de auga de rede nos meses de xuño-agosto. Os históricos mostran que o caudal media nos meses indicados é da orde do 9% superior aos datos anuais.

Todas as augas residuais industriais e parte das augas fecais asimilables a domésticas, son dirixidas á EDARi propia para ser tratadas antes de ser vertidas á rede de saneamento do Polígono de Xarás, Ribeira.

O tratamento das augas residuais na EDARi consiste nunha liña que inclúe pretratamiento, tratamento primario e secundario, complementado cun sistema de desodorización para os efluentes gaseosos e unha liña completa de tratamento de lodos. No informe de vertido emitido pola empresa concesionaria do Servizo de Saneamento inclúese unha descrición detallada da EDARi e do seu funcionamento.

Vertidos finais á rede de sumidoiros:

A vertedura final de augas residuais está formada polo conxunto de augas asimilables a augas domésticas e as augas residuais industriais pretratadas. Tras pasar polo sistema de depuración, as augas residuais domésticas e industriais xeradas conectan coa rede de sumidoiros municipal nun punto principal.

A empresa conta a maiores con outras dúas acometidas de augas residuais de augas fecais con vertido de augas mixtas industriais e asimilables a domésticas, formado polas augas procedentes de servizos das naves.

As verteduras finais son procedentes de:

- Aseos: a auga residual dos aseos envíase ao pozo de bombeo a través da rede de sumidoiros interior da instalación, para o seu posterior tratamento na depuradora.
- Proceso de produción e baldeos: sistema de recollida e envío de augas residuais a planta de tratamento. As augas residuais de lavado recóllense na rede de saneamento interior das diferentes naves, que conflúen nun pozo de bombeo (elevación) desde o que se bombean cara á depuradora.

Previamente sométense a unha retirada de sólidos voluminosos no propio pozo de bombeo.

- Augas de esterilización: unha fracción importante da auga xerada dentro da etapa de esterilización reutilízase dentro da fábrica. O volume excedente vértese conxuntamente coa auga previamente tratada na EDAR. Esta corrente non contén contaminación que faga necesaria a actuación sobre ela, aínda que si se cuantifica volumetricamente (caudalímetro final) e pasa polo control final de pH, condutividade e turbidez. No mes de xuño de 2017 instalouse unha válvula pilotada no fondo do tanque de auga procedente de arrefriado de autoclaves que permite conseguir unha laminación automática do exceso de auga.

As augas pluviais, aínda que de forma segregada interiormente, son vertidas á rede de saneamento municipal de augas residuais fecais. Deben solicitar a conexión á rede de saneamento municipal de augas pluviais para a súa correcta conexión.

e) Os valores límite de emisión, ou valores límite de vertedura, das características cualitativas da vertedura:

Os límites máximos admisibles das características cualitativas da vertedura serán os valores máis restritivos, tendo en conta os límites establecidos no artigo 13 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*.

Deberase limitar na medida do posible o vertido de sólidos á rede de saneamento. A cantidade de sólidos grosos no vertido debe ser inapreciable. Recoméndase dispoñer dunha arqueta de desbaste con reixa antes do vertido final á rede de saneamento.

Os parámetros mínimos a analizar e os límites de aplicación serán os seguintes:

PARÁMETROS ANALÍTICOS		
Parámetro	Límite de verteduras	Unidades
Condutividade (25°C)	5.000	µS/cm
pH	5,5-9	Ud pH
DQO	700	mg/L
DBO ₅	300	mg/L
Sulfuros	1	mg/L
Sólidos en suspensión	250	mg/L
Nitróxeno amoniacal	50	mg/L
Nitróxeno total	115	mg/L

Fósforo total	25	mg/L
Aceites e graxas	50	mg/L
Hidrocarburos	15	mg/L
Deterxentes	6	mg MBAS/L

A caracterización das augas vertidas presentada pola empresa detállase a continuación:

CARACTERÍSTICAS E LÍMITES DE VERTIDO				
Parámetro	Unidades	Vertido bruto	Vertido tratado	Límites vertido
DQO total	mg/L	4.500-5.500	300	700
DBO ₅	mg/L	2.500-3.500	175	300
N total	mg/L	250-350	30	115
N-NH ₄	mg/L	-	15	50
P total	mg/L	30-40	15	25
SST	mg/L	1.400-1.600	<250	250
SSV	mg/L	1.350-1.550	-	-
Aceites e	mg/L	250-300	<10	50

Esta caracterización foi realizada en 2017. As mostras de vertedura bruta correspóndense coa mestura de vertedura industrial e augas fecais, recollida á saída do tanque de homoxeneización de entrada, coma vertido previamente barutado e homoxeneizado. Na mesma táboa inclúense as características da vertedura final, coma vertedura tratada.

A continuación detállanse os resultados analíticos da mostra tomada polo Servizo do ano 2018:

DATA	pH	Conductiv.	DBO	DQO	SST	Sulfuros	N. Amoniacal	P total	Aceites e graxas
18/04/2018	7,2	2.950	10	70	0	0,01	3,51	0,85	0
Límites aplicables	5,5-9	5.000	300	700	250	1	50	25	50
Unidades	U. pH	us/cm	mg O ₂ /L	mg O ₂ /L	mg/L	mg/L	mg/L	mg/L	mg/L

f) Límites cuantitativos da vertedura:

O horario da empresa organízase en tres quendas diarias, o que implica unha xeración de vertedura bruta de 24 horas ao día. O caudal de vertido medio diario é de 4.777 m³, o que supón un caudal medio de vertido duns 200 m³/h. As variacións estacionais son depreciables, salvo durante os períodos de vacacións da industria, onde o caudal vertido vese reducido.

A planta de tratamento funciona en continuo 24 horas ao día, amortecendo as variacións horarias de caudal, de modo que a vertedura final está laminada en carga e caudal.

CAUDAIS DE VERTIDO		
Caudal medio anual*	1.203.727	m ³ /ano



Caudal medio mensual*	100.311	m ³ /mes
Caudal medio diario*	4.777	m ³ /día
Caudal punta horario*	200	m ³ /h

*Segundo datos consumo medio 2019-2020

Augas pluviais: a empresa deberá aportar o dato de augas pluviais xeradas xunto co cálculo xustificativo no período máximo de seis (6) meses trala resolución do permiso de vertido.

Outras condicións: deberán pasar por contador o total de augas xeradas nas instalacións, debendo controlar tamén os caudais vertidos a través das acometidas secundarias, incluíndo o caudal xerado nas caldeiras e do separador de hidrocarburos. A empresa debe acreditar o seu control mediante a documentación correspondente, no período máximo de doce (12) meses trala resolución do permiso de vertido.

g) Horario de vertedura:

O horario da empresa organízase en tres quendas diarias, o que implica unha xeración de vertedura bruta de

24 horas ao día. O caudal de vertido medio diario é de 4.777 m³, o que supón un caudal medio de vertido duns 200 m³/h. As variacións estacionais son depreciáveis, salvo durante os períodos de vacacións da industria, onde o caudal vertido vese reducido.

A planta de tratamento funciona en continuo 24 horas ao día, amortecendo as variacións horarias de caudal, de modo que a vertedura final está laminada en carga e caudal.

h) Características da sección de control que deberá instalar o titular da vertedura segundo o disposto no ANEXO VIII, punto 9, alínea e), que deberá estar operativa en menos de seis (6) meses dende a concesión do permiso de vertedura:

Atendendo ao artigo 31 do RMAG, a mostra tomarase da arqueta de rexistro se existise, no último punto accesible de saída de augas residuais das instalacións de produción ou tratamento, previo á incorporación ás redes de sumidoiros e a calquera dilución.

As coordenadas UTM do pozo de rexistro existente, onde conecta a súa acometida principal de saneamento, son as seguintes: X: 500147,1081 Y: 4713633,7288.

As mostras tomaranse a través do tomamostras integrado da empresa, ou no seu defecto no pozo de rexistro indicado.

As augas tratadas na EDARi envíanse por gravidade ata a denominada arqueta de vertedura final, situada antes da conexión coa rede de saneamento municipal do polígono do Xarás. Dita arqueta permite a toma de mostra e medida en continuo de pH, Turbidez, condutividade e caudal de vertedura.

Con respecto á medida de caudal, aínda que se mantén operativo a antiga canle de medida formado por un desaugadoiro calibrado e unha sonda de medición de nivel a ultrasóns, en novembro de 2017 instalouse un caudalímetro electromagnético Siemens MAG5100w DN300 para a vertedura global, sen considerar pluviais.



A empresa deberá enviar os datos relativos aos caudais tratados na EDARi e os datos de caudais do caudalímetro de saída de forma periódica á D.X. de Calidade Ambiental e Cambio Climático ou ente que substitúa, coma parte da documentación esixida na AAI.

A empresa deberá aportar o dato de augas pluviais xeradas xunto co cálculo xustificativo.

Deberán pasar por contador o total de augas xeradas nas instalacións, debendo controlar tamén os caudais vertidos a través das acometidas secundarias, incluíndo o caudal xerado nas caldeiras e do separador de hidrocarburos.

i) Prazo para adaptarse aos límites de vertedura especificados no propio permiso e outros condicionantes:

No momento actual a empresa cumpre cos límites de vertedura especificados na proposta de permiso.

O permiso está condicionado ao cumprimento das esixencias que se establecen nesta proposta e no informe emitido pola empresa xestora do Servizo de Saneamento.

En relación coas verteduras establécense os seguintes condicionantes e prazos:

- A empresa deberá aportar o dato de augas pluviais xeradas xunto co cálculo xustificativo no período máximo de seis (6) meses trala resolución do permiso de vertido.
- Deberán pasar por contador o total de augas xeradas nas instalacións, debendo controlar tamén os caudais vertidos a través das acometidas secundarias, incluíndo o caudal xerado nas caldeiras e do separador de hidrocarburos. A empresa debe acreditar o seu control mediante a documentación correspondente, no período máximo de doce (12) meses trala resolución do permiso de vertido.
- Deberá solicitar a conexión ou conexións correspondentes á rede municipal de augas pluviais no período máximo de doce (12) meses trala resolución do permiso de vertido.
- Deberá aportar o dato de caudal de consumo máximo instantáneo en m³/h no período máximo de seis (6) meses trala resolución do permiso de vertido.
- Deberá presentar a documentación técnica que xustifique o correcto deseño do separador de hidrocarburos para a instalación e a modificación do desaugue no período máximo de doce (12) meses trala resolución do permiso de vertido.
- Deberá aportar o Plan de emerxencia en caso de derrames e as correspondentes fichas de seguridade dos produtos utilizados nas instalacións no período máximo de seis (6) meses tras a resolución do permiso de vertido.

j) O programa de control da vertedura. O titular da vertedura deberá realizar un programa de autocontrol nos supostos de verteduras que comporten un risco elevado de impacto sobre o sistema de saneamento, de acordo co disposto no artigo 27. A Entidade Xestora definirá en cada caso particular as verteduras que supoñan un risco elevado, en función do caudal de vertedura, dos contaminantes, ou das cargas contaminantes:



De acordo co disposto no artigo 27 da OVR, debido a que neste caso as verteduras comportan un risco elevado de impacto sobre o sistema de saneamento, o Servizo considera que será necesario a realización de autocontrois por parte da empresa.

A empresa posúe un tomamostras automático programable en tempo e volume para o control das augas residuais industriais e fecais. A empresa debe manter en servizo e calibrados os devanditos instrumentos. Asemade, cada día realizarase unha toma de mostra integrada ao longo dun período de 24 h, a cal será debidamente identificada e conservada durante un período mínimo de 48 horas a contar dende a hora de finalización da toma de mostra.

Os parámetros e a frecuencia mínima do autocontrol do vertido de augas residuais industriais e fecais á saída do sistema de depuración serán os que se detallan a continuación:

AUTOCONTROL	
Caudal	Continuo
pH	Mensual e continuo
Conductividade	Continuo
Turbidez	Continuo
Sólidos en suspensión	Mensual
DBO ₅	Mensual
DQO	Mensual
Fósforo total	Mensual
Nitróxeno amoniacal	Mensual
Nitróxeno total	Mensual
Aceites e graxas	Mensual
Deterxentes	Mensual

Os resultados dos anteditos controis remitiranse na forma demandada e cunha periodicidade mensual fronte á D.X. de Calidade Ambiental e Cambio Climático ou órgano correspondente, para dar cumprimento á AAI.

O plan de seguimento e control proposto e que será levado a cabo pola empresa xestora comprende doce (12) inspeccións anuais e toma de mostra puntual ou integrada do vertido, con periodicidade mensual. O plan de seguimento e control dará comezo nun mes a partir da emisión deste informe. De non detectarse ningún incumprimento significativo, manteranse ditas inspeccións, segundo determine o Concello. En caso contrario, o Servizo informará ao Concello dos incumprimentos para que tome as medidas oportunas (aumento do número de inspeccións, sancións e incluso rescisión do permiso de vertido).

O permiso de vertedura estará condicionado ao cumprimento do establecido na OVR e terá unha validez máxima de oito anos, renovable por períodos idénticos (artigo 15.5 da OVR).

O permiso de vertedura deberá revisarse cando se produza algún cambio significativo na composición ou no volume da vertedura, coa aprobación da nova normativa ou



cando as circunstancias que motivaron o seu outorgamento fosen alteradas ou sobreviñeran outras que, de existir con anterioridade, terían xustificada a súa denegación ou o outorgamento en termos distintos podendo ser o caso de decretar a suspensión temporal ata que ditas circunstancias sexan superadas (artigo 19 da OVR).

As contías económicas das inspeccións xornais, análises periódicos e das emisións de informes de vertedura que se establecen neste punto están reguladas na correspondente Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola Prestación do Servizo de Saneamento (OFR).

k) O formato e contido dos informes do autocontrol que o titular do permiso de vertedura lle deberá remitir a entidade xestora, especificando a súa periodicidade:

Por parte do Concello non se establece un formato específico para os informes de autocontrol. Ao respecto do contido estarase ao disposto no apartado anterior.

l) Prazo de validez do permiso de vertedura:

Oito (8) anos. O permiso de vertedura estará condicionado ao cumprimento do establecido na OVR. Será renovable por idénticos períodos, por consentimento expreso da Entidade Xestora e por escrito, sen prexuízo da obrigada revisión antes dese prazo nos casos previstos no artigo 19. En calquera caso, ao tratarse dunha actividade comprendidas no ámbito de aplicación do *Real Decreto Lexislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación*, a vixencia do permiso quedará sometida ao prazo da autorización ambiental integrada.

m) As actuacións e medidas que, en caso de emerxencia, deban ser postas en práctica polo titular do permiso de vertedura e o protocolo de contacto directo coa entidade xestora para a comunicación de verteduras accidentais e de emerxencia:

Entenderase que existe unha situación de emerxencia ou perigo cando, debido a un accidente nas instalacións do usuario, se produza, ou exista risco inminente de producirse, unha vertedura estraña á rede de sumidoiros, que poida ser potencialmente perigosa para a seguridade física das persoas, instalacións, estación depuradora ou ben á propia rede.

No caso de Frinsa del Noroeste, S.A., a empresa debe entregar o Plan de Emerxencias en caso de derrames de aplicación nas instalacións.

A continuación achéganse as instrucións a seguir ante unha situación de emerxencia ou perigo:

1º. Comunicalo con urxencia á empresa concesionaria do servizo de saneamento, actualmente Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U., e ás autoridades municipais. Teléfonos:

- Viaqua Central (24 h): 900201230
- Garda Viaqua: 609811249
- EDAR de Ribeira: 680609827
- Policía Municipal de Ribeira: 981871178
- Protección Civil: 981876029



2º. Unha vez establecida a conexión, o usuario indicará o tipo e a cantidade de produtos vertidos á rede e tomaranse todas aquelas medidas necesarias para minimizar os posibles danos colaborando en todo momento co Concello.

3º. Nun prazo máximo de 48 h o usuario deberá emitir ao Concello un informe detallado do sucedido que incluíra, como mínimo, os seguintes datos:

- Nome e identificación da empresa.
- Dirección da mesma.
- Caudal e tipo de materias vertidas.
- Hora e causa do accidente.
- Correccións efectuadas "in situ".
- Hora e forma en que se comunicou o incidente ao Concello.

n) No seu caso, excepcións temporais dos requirimentos do Anexo IV, "Nota 13: Parámetros tratables na EDAR ou de impacto pouco significativo sobre os obxectivos de calidade dun medio receptor.", sempre que se aprobe un programa que garanta o seu cumprimento no prazo que fixe a Entidade Xestora. Finalizado o prazo fixado o Concello realizará unha inspección para verificar o fin da situación de excepción:

Non procede.

o) En razón dos riscos da actividade, poderanse requirir para a obtención do permiso de vertedura seguros, avais ou fianzas que cubran os posibles danos derivados dos ditos riscos:

Solicitarase informe á empresa xestora do servizo municipal para valorar esta posibilidade.

p) Para os permisos que resulten da solicitude sinalada no Artigo 16.2, os condicionantes baixo os que se decide outorgar o permiso de vertedura:

Non procede.

q) Calquera outra condición que a entidade xestora considere oportuna en razón das características específicas do caso:

Dispositivos de seguridade/almacenamento:

En canto aos dispositivos de seguridade nas instalacións, a planta de depuración foi concibida con alto grao de flexibilidade e especialmente, de seguridade:

Por unha banda, todos os tanques e pozos de bombeo están dotados de sensores de nivel que lanzarían unha alarma ao operador en caso de detectarse un mal funcionamento da unidade.

Todos os equipos de bombeo da liña de augas están duplicados ou teñen unha unidade en reserva que entraría de forma automática en caso de fallo/avaría do equipo en funcionamento.

Os tanques principais teñen o medidor analóxico de nivel e como seguridade, unha boia redundante por se houberse fallo no sistema de medida principal.



Todo o tratamento primario, onde se utilizan reactivos de coagulación e floculación está incluído en cubeto de retención de modo que calquera vertedura accidental de reactivos na devandita zona volvería a cabeza de depuradora e non tería posibilidade de evacuación por outra liña.

Por último, ao tratarse dunha seguridade a final de liña (concretamente en arqueta de vertedura), as medidas de pH, condutividade e turbidez son recollidas en continuo e rexistradas no SCADA. Estas lecturas permitirían como último punto de seguridade, detectar de forma inmediata verteduras accidentais que puidesen chegar á arqueta final, por modificación dos valores habituais de saída.

A empresa indica que se realizan controis de verteduras de augas residuais, diferenciándose entre control interno e externo como medidas de análise e seguridade:

Control interno:

Diariamente revísanse todos os rexistros do SCADA: caudais, niveis piezométricos, concentracións de osíxeno, potencial Redox, pH, etc. e realízanse inspeccións visuais ao longo de toda a xornada.

Diariamente tómanse mostras de:

- Entrada a SBR, para determinar DQO total.
- Descargas dos SBR para analizar DQO total e DQO decantada, especies nitrogenadas (NNO_3 , N-NO_2 e N-NH_4) e fosfato; co obxectivo de detectar de forma inmediata calquera potencial desaxuste no proceso de depuración.

No caso de considerarse necesario pode realizarse o control de DQO e nitróxeno no tanque de homoxeneización de entrada á EDAR.

Semanalmente:

- Analízase a concentración de nitróxeno na corrente de entrada ao tratamento secundario.
- Toma mostra do licor mestura dos reactores para a determinación da concentración de biomasa. Con este dato se programa a purga de lodos biolóxicos.

Control externo:

O primeiro día de vertedura de cada mes o laboratorio contratado recolle unha mostra integrada da que se analizan os seguintes parámetros: aceites e graxas, amonio, DQO, DBO_5 , deterxentes aniónicos e catiónicos, sólidos en suspensión, fósforo total e nitróxeno total. A analítica e recollida da mostra é realizada por un laboratorio acreditado por ENAC e os resultados envíanse á Xunta de Galicia.

Tamén se realiza un control de verteduras accidentais, que se detalla a continuación:

- Por unha banda, todos os tanques e pozos de bombeo están dotados de sensores de nivel que lanzarían unha alarma ao operador en caso de detectarse un mal funcionamento da unidade.
- Todos os equipos de bombeo da liña de augas están duplicados ou teñen unha unidade en reserva que entraría de forma automática en caso de fallo/avaría do equipo en funcionamento.



- Os tanques principais teñen medidor analóxico de nivel e como seguridade, unha boia redundante por se houberse fallo no sistema de medida principal.
- Todo o tratamento primario, onde se utilizan reactivos de coagulación e floculación está incluído en cubeto de retención de modo que calquera vertedura accidental de reactivos na devandita zona volvería a cabeza de depuradora e non tería posibilidade de evacuación por outra liña.
- Por último, ao tratarse dunha seguridade a final de liña (concretamente en arqueta de vertedura), as medidas de pH, condutividade e turbidez son recollidas en continuo e rexistradas no SCADA. Estas lecturas permitirían como último punto de seguridade, detectar de forma inmediata verteduras accidentais que puidesen chegar á arqueta final, por modificación dos valores habituais de saída.

Medidas para evitar derrames:

De modo xeneral, os deterxentes e produtos de limpeza, os combustibles ou outros líquidos susceptibles de ser derramados acopiados nas instalacións deberán estar almacenadas dentro de cubetos impermeables ou outros sistemas de retención.

En calquera caso deberase contar con material absorbente para evitar que un derrame accidental poida saír polos sumidoiros. O persoal contratado deberá estar informado do protocolo de actuación en caso de derrames de produtos na instalación. En caso de que o derrame puidera chegar a saír a través dos sumidoiros, deberase alertar ao Concello e ao Servizo de Augas na maior brevidade posible.

A empresa conta cunha instalación de tanques de fuel-oil para a normal operación das instalacións. Os tanques atópanse situados na parte exterior das instalacións e contan con un cubeto de retención en formigón. O desague de dito cubeto conéctase cunha cámara de separación de hidrocarburos para o seu correcto pretratamento. A conexión da cámara de hidrocarburos atópase actualmente á rede de pluviais da empresa. A saída do separador de hidrocarburos debe estar conectada á rede de saneamento de augas residuais, sen ser necesario o seu pretratamento na EDARi, quedando a criterio da empresa a súa condución ata a súa EDARi. Sen embargo, o caudal orixinado neste punto si debe ser controlado na mesma medida que o resto de augas residuais vertidas pola empresa. Isto é, o caudal xerado debe pasar polo tomamostras e caudalímetro de saída.

A empresa debe presentar a documentación técnica que xustifique o correcto deseño do separador de hidrocarburos para a instalación e a modificación do desague no prazo máximo previsto no epígrafe i) desta proposta.

A empresa non presenta o Plan de emerxencia en caso de derrames, onde se deben indicar os dispositivos de seguridade adoptados para prever accidentes nos elementos de almacenamento de materias e produtos líquidos susceptibles de ser vertidos á rede de sumidoiros (produtos de limpeza, aceites, combustibles, etc.).

A empresa non entrega as fichas técnicas e de seguridade dos produtos líquidos que son usados na actividade habitual da empresa.

A empresa deberá aportar o Plan de emerxencia en caso de derrames e as correspondentes fichas de seguridade dos produtos utilizados nas instalacións.

Xestión de residuos:



A empresa está inscrita como produtora de residuos perigosos co nº SC-RP-IPPC-P-00042 no Rexistro de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

A empresa é produtora de residuos non perigosos, propios do proceso de produción das instalacións: plásticos, papel e cartón, refugallo, lodos de depuración, etc.

A continuación detállanse os residuos orixinados nas instalacións:

RESIDUOS			
Denominación	Perigoso/ Non perigoso	LER	Cantidades
Envases que conteñen restos de sustancias perigosas ou están	Perigoso	150110	0,076 t/ano
Residuos que conteñen hidrocarburos	Perigoso	160708	56,24 t/ano
Aceites minerais non clorados de motor, de transmisión mecánica e lubricantes	Perigoso	130205	65,24 t/ano
Absorbentes, materiais de filtración (incluídos os filtros de aceite non especificados noutra categoría), trapos de limpeza e roupas protectoras	Perigoso	150202	0,48 t/ano
Filtros de aceite	Perigoso	160107	0,001 t/ano
Baterías e acumuladores especificados nos códigos 16 06 01, 16 06 02 ou 16 06 03 e baterías e acumuladores sen clasificar que conteñen esas baterías	Perigoso	200133	0,01 t/ano
Tubos fluorescentes e outros residuos que conteñen mercurio	Perigoso	200121	0,01 t/ano
Baterías de chumbo	Perigoso	160601	0,08 t/ano
Produtos químicos de laboratorio que consisten en, ou conteñen, sustancias perigosas, incluídas as mesturas de	Perigoso	160506	0,3 t/ano
Gases en recipientes a presión (incluídos os halóns) que conteñen sustancias	Perigoso	160504	0,005 t/ano
Outros disolventes e mesturadas de	Perigoso	140603	0,003 t/ano
Lodos do tratamento in situ de efluentes	Non perigoso	020204	4.536-5.544 t/ano

A empresa deberá asegurar que os residuos se almacenen en condicións axeitadas de hixiene, seguridade e segregación; garantindo en todo caso que se impida calquera afección ao medio ambiente. As zonas de almacenamento de residuos, así como os seus contedores, manteranse correctamente sinalizados e etiquetados, no seu caso, e en correcto estado de mantemento e limpeza. A empresa deberá asegurar unha xestión adecuada dos residuos xerados.

A empresa **deberá entregar por rexistro un listado das cantidades de residuos perigosos e non perigosos xerados durante o último ano, acreditando a devandita xestión mediante a documentación correspondente, no período máximo de seis (6) meses tras a resolución do permiso de vertidos.**



Debido a que a empresa se atopa suxeita a AAI, asúmese que se leva a cabo unha xestión dos residuos xerados conforme ao indicado na autorización mencionada e neste propio apartado.

Debido ao anterior, a empresa deberá informar á D.X. de Calidade Ambiental e Cambio Climático ou ente que substitúa, coma parte da documentación esixida na AAI, das cantidades de residuos xeradas anualmente de cada residuo xestionado, debendo acreditar a devandita xestión mediante a documentación correspondente se fora requirida.

8.- DACIÓN DE CONTA DE COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 29.07.2021:

11977	07.07.2021	JUAN PEGO SANTOS, colocar plaqueta en el suelo, rúa de Galicia, Ribeira.
11975	07.07.2021	MANUEL RODRÍGUEZ VARELA, cierre de parcela en Pedra do Cuco, polígono 838, parcela 172.
12127	08.07.2021	DIGAR DE ARTES, S.L., tratamiento de fachada, en Avda. de Lugo, 1, bajo, Ribeira.
12144	09.07.2021	PABLO SAMPEDRO MAGAN, cambio de teja, en Campos, 58, Carreira.
12156	09.07.2021	ANDRÉS MANUEL AGEITOS MILLÁN, renovación de techumbre en rúa Norte, 7, Palmeira.
12109	08.07.2021	ALEJANDRO VÁZQUEZ TORRES, pavimento interior, Campos de Arriba, 8, Carreira.
12180	09.07.2021	JOSÉ ANTONIO NESPEREIRA PRADA, limpieza de cubierta, lavado y pintado de fachada, en Martín, 8, Ribeira.
12186	09.07.2021	JOSÉ ANTONIO NESPEREIRA PRADA, limpieza de cubierta, lavado y pintado de fachada, en Martín, 7, Ribeira.
12225	12.07.2021	MANUEL VILA GONZÁLEZ, aislamiento de fachada, en Sobrido, 3, Oleiros.
10381	24.08.2020	NATALIA SANLÉS GONZÁLEZ, cierre de parcela, Carreira, 9, Carreira.

9.- LICENZA MUNICIPAL para CONSTRUCCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN NO LUGAR DE VILAR, CARREIRA (RIBEIRA). PROMOTOR: PABLO MANUEL MUÑIZ SAMPEDRO. ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL: 9.495,74€

VISTA a **solicitude** de licencia urbanística presentada por **D. Pablo Manuel Muñiz Sampedro** **LICENZA DE OBRAS** para **CONSTRUCCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN** en parcela con refª catastral nº 15074A014006810000KS, nos termos do Proxecto muro de contención finca denominada “Cartas” de xuño de 2021 redactado por D.Emilio J. Domínguez Rodríguez (enxeñeiro da edificación col. nº 2.633).

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os informes do arquitecto técnico de data 15 de xullo de 2021, do técnico de administración xeral de data 29 de xullo de 2021 e do secretario xeral da Corporación de data 30 de xullo de 2021, considérase que



a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a D. Pablo Manuel Muñiz Sampedro **LICENZA DE OBRAS (Nº 17/21)** para **CONSTRUCCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN** en parcela con refª catastral nº 15074A014006810000KS, nos termos do Proxecto muro de contención finca denominada “Cartas” de xuño de 2021 redactado por D. Emilio J. Domínguez Rodríguez (enxeñeiro da edificación col. nº 2.633).

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e Coordinación de Seguridade e Saúde.***

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución aos interesados, entendo como tal a **D.Pablo Manuel Muñiz Sampedro** (D.N.I. 52.936.793-Q) así como a **D.Siro Solla Santos**, (D.N.I. 35.236.640-L), conforme ó establecido na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*

-Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).



- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participará a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.



- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

10.- LICENZA MUNICIPAL para REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE DE PLANTA BAIXA E BAIXOCUBERTA NO LUGAR DE GUDE, Nº 23 ARTES, RIBEIRA. PROMOTOR: ELVIRA SUÁREZ PÉREZ. ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL: 22.520,00€

VISTA a **solicitude** de licencia urbanística presentada por Dña. Elvira Suárez Pérez para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE DE PLANTA BAIXA E BAIXOCUBERTA** sita no Lugar de Gude nº 23, Artes, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A003004610000KA, nos termos do Proxecto Básico de febreiro de 2021 redactado polo Sr. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128).

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os informes do arquitecto municipal de data 27 de xullo de 2021, do técnico de administración xeral de data 28 de xullo de 2021 e do secretario xeral da Corporación de data 29 de xullo de 2021, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Dña. Elvira Suárez Pérez **LICENZA DE OBRAS (Nº 18/21)** para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE DE PLANTA BAIXA E BAIXOCUBERTA** sita no Lugar de Gude nº 23, Artes, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A003004610000KA, nos termos do Proxecto Básico de febreiro de 2021 redactado polo Sr. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e Coordinación de Seguridade e Saúde.***

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza



municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*
- *Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
 - *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*



- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
 - Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.
 - As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
 - Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.



- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

11.- LICENZA MUNICIPAL para construción DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E BAIXO CUBERTA NO LUGAR DE CUBELIÑOS, POLÍGONO 8 PARCELA 305, RIBEIRA. PROMOTOR: ANA LORENZO LAMPÓN. ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL: 92.409,10€

VISTA a **solicitud** de licencia urbanística presentada por **Dna. Ana Lorenzo Lampón** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E BAIXOCUBERTA**, en parcela con refª catastral nº 15074A008003050000KH sita no Lugar de Cubeliños, Polígono 8, Parcela 305, Ribeira, achegándose Proxecto Básico de novembro de 2020 redactado polo Sr. Vicente Ageitos Pérez, (arquitecto col. nº 3.078).

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os informes do arquitecto técnico de data 27 de xullo de 2021, do técnico de administración xeral de data 29 de xullo de 2021 e do secretario xeral da Corporación de data 30 de xullo de 2021, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a **Dna. Ana Lorenzo Lampón** **LICENZA URBANÍSTICA (Nº 19/21)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E BAIXOCUBERTA**, en parcela con refª catastral nº 15074A008003050000KH sita no Lugar de Cubeliños, Polígono 8, Parcela 305, Ribeira, achegándose Proxecto Básico de novembro de 2020 redactado polo Sr. Vicente Ageitos Pérez, (arquitecto col. nº 3.078):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*
- *Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñacións na franxa sita ao longo do vial, **cunha superficie de cesión en total de 39,00 m²**, e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 1.073,96 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.***
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material** e de **Coordinación de Seguridade e Saúde.***

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza



municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*
- *Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
 - *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*



- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
-Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederáse a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados



entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

12.- APROBACION PROXECTO DE EXECUCIÓN EXPTE. LIC. OBRA 2/21 - JOSEFA ENCARNACION VICENTE GONZÁLEZ

VISTA a nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 2/21, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 7 de xaneiro de 2021, a Dña.ª Josefa Encarnación Vicenta González, e D. Emilio Martis Miranda, consistente en Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos o día 2 de xullo de 2021 redactado por Dña. Mª Carmen Gago Fernández, (arquitecta, col. 2.498), así como Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os informes do arquitecto técnico de data 15 de xullo de 2021, do técnico de administración xeral de data 27 de xullo de 2021 e do secretario xeral da Corporación de data 30 de xullo de 2021, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- PRESTAR CONFORMIDADE á nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 2/21, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 7 de xaneiro de 2021, a **Dña. Mª Josefa Encarnación Vicenta González e D. Emilio Martis Miranda**, consistente en **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos o día 2 de xullo de 2021 redactado por Dña. Mª Carmen Gago Fernández, (arquitecta, col. 2.498), así como Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde.

SEGUNDO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizos contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*



13.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA -NEDGIA GALICIA, S.A. (LIC. OBRA 240/11)

Visto o escrito presentado por **Nedgia Galicia, S.A.**, de data 08/07/2021 (Rexistro de entrada nº 12.080), no solicita a devolución da fianza depositada pola realización de obras en Aguiño e Palmeira (LIC. OBRA 240/11).

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 27/07/2021

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Aprobar a devolución da fianza depositada por **Nedgia Galicia, S.A.** pola realización de obras en Aguiño e Palmeira (LIC. OBRA 240/11), polo valor de 89.593,22 €.

14.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN DE AVAL E FIANZA -NEDGIA GALICIA, S.A. (COM. OBRA MENOR 61/15)

Visto o escrito presentado por **Nedgia Galicia, S.A.**, de data 08/07/2021 (Rexistro de entrada nº 12.081), no solicita a devolución do aval e fianza depositados pola realización de obras en Rúa Manzanares (COM. OBRA MENOR 61/15).

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 13/07/2021

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Aprobar a devolución do aval e fianza depositados por **Nedgia Galicia, S.A.** pola realización de obras en en Rúa Manzanares (COM. OBRA MENOR 61/15), polo valor de 11.423,88 € e 57.119.40 €, respectivamente.

15.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA DE CAMIÑO -LUIS BERNARDO MANEIRO SANTIAGO

CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Luis Bernardo Maneiro Santiago

Visto o escrito presentado por **Luis Bernardo Maneiro Santiago**, de data 11/06/2021 (Rexistro de entrada nº 9.887), no que solicita certificación urbanística de titularidade dun camiño situado en Teira (Corrubedo).

Visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 07/07/2021, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Referencia catastral do camiño: 15074A050090140000KW

Dito camiño si consta no catastro antigo con comunicación coa praza de Teira. No catastro actual xa desapareceu o tramo que comunicaba coa dita praza.

Consultado o Inventario de Bens Municipais, aprobado definitivamente en Pleno Municipal de data 26 de febreiro de 2018, non está inventariado como camiño público.



16.- BONO CONCILIA CAMPARIBEIRA VERÁN 2021 -APROBACIÓN RENUNCIAS, CONCESIÓN NOVOS BONOS E CAMBIO DE INSCRIPCIÓN DE EMPRESA DE EIDEN OTAL CADABAL

Vista a proposta presentada pola Concelleira delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 02/08/2021, relativa aos Bonos Concilia Camparibeira Verán 2021, no que sinala:

"INFORMO

A) Recíbese solicitudes de beneficiarios/as do Programa Bono Concilia CampaRibeira Verán 2021 rexeitando participar nas actividades do mes de agosto e por conseguinte da parte proporcional da axuda concedida deste bono.

Os beneficiarios que presentan esta renuncia son:

Número de rexistro entrada 202100013165 de 28/7/2021

Datos da beneficiaria

08/06/2021 202100009445	LUCRECIA PEREZ PENA Grupo A	53483479S	NICOLAS MARTINEZ PEREZ	Xullo e agosto 6h/DIA	Fit Sport Natural SL	150,00€/MES T.300,00€	Bono concedido Xgl 17/6/21 150,00€	Bono Rexeitado 75,00€
----------------------------	---	-----------	------------------------------	-------------------------------------	----------------------------	--------------------------	---	--

Número de rexistro entrada 202100013312 de 30/7/2021

Datos da beneficiaria

09/06/2021 202100009554	MARTA GRAÑA FERNÁNDEZ Grupo A	53483239M	AROA BARREIRO GRAÑA	Xullo e agosto 9.00- 14.00h	Golfiño Xestión de Ocio SL	185,00€/MES T. 370,00€	Bono concedido Xgl 17/6/21 185,00€	Bono Rexeitado 92,50€
----------------------------	---	-----------	---------------------------	--	----------------------------------	---------------------------	---	--

B) Recíbese solicitude da beneficiaria do bono Concilia CampaRibeira Verán 2021 interesada, por motivos persoais, cambiar a inscrición na empresa organizadora da actividade na que participa o seu fillo.

Achega nova reserva previa do campamento pasando ésta a Golfiño Xestión de Ocio SL mes de agosto.

Número de rexistro entrada 2021000013250 de 29/7/2021

Datos da beneficiaria

08/06/2021 202100009446	VERONICA CADABAL RODRIGUEZ A	52939773Y	EIDEN OTAL CADABAL	Xullo e agosto 6h/DIA	Fit Sport Natural SL	150,00€/MES T.300,00€	Bono concedido Xgl 17/6/21 150,00€
----------------------------	--	-----------	--------------------------	---------------------------------	-------------------------	--------------------------	---

Á vista das solicitudes anteditas e acordo da Xunta de Goberno Local de 17/6/2021 que aproba os bonos concedidos ás anteriores beneficiarias."

En base ao anteriormente exposto

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

- 1.- Admitir a renuncia das solicitudes sinaladas no apartado A desta proposta.
- 2.- Atender as seguintes solicitudes da 2ªconvocatoria co remanente de 167,50€ respectando os requisitos establecidos nas bases deste programa.



29/06/2021 202100011440	EVA Mª BARCIA PEREIRA DE AMORÍN A	52935985J	MARTINA GUELLA BARCÍA	Xullo e agosto 9.00- 14.00h	Antía Fontaiña Falqué "O Xardín Ventureiro"	140,00€/MES T. 280,00€	Bono concedido Decreto 19/7/21 79,00€	CONCEDER 61,00€
29/06/2021 202100011445	RAQUEL PAZOS MANEIRO A	53486740X	ALIS SAMPEDRO PAZOS	Xullo e agosto 6h/DIA	Fit Sport Natural SL	150,00€/MES T. 300,00€	0	CONCEDER 106,50

3.- Admitir o cambio de inscrición na empresa organizadora do campamento de Eiden Otal Cadabal participante no mes de agosto en Golfiño Xestión de Ocio SL sen que de lugar a cambios no importe do bono concedido.

4.- Trasladar a cada solicitante o acordo adoptado na Xunta de Goberno Local así como aos novos beneficiarios atendidos co remanente das renuncias presentadas.

17.- SOLICITUDE RETIRADA SINAL DE DIRECCION OBRIGATORIA -Juan Santiago Casais

Visto o escrito presentado por **Juan Santiago Casais**, de data 07/07/2021 (Registro de entrada nº 12.033) no que solicita o cambio de sinalización de tráfico á entrada do Hospital do Barbanza, no lugar de Salmón (Oleiros).

Visto o informe desfavorable emitido ao respecto pola Policía Local, de data 31/07/2021.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Denegar a solicitude presentada por Juan Santiago Casais debido a que, según consta no citado informe policial, **de correxirse a sinalización existente na citada vía, a seguridade se vería moi comprometida si se permitise circular en sentido contrario aos residentes**. Polo tanto non resulta viable el cambio na sinalización si se quere garantir a seguridade do tráfico, xa que a vía é moi estreita e as súas dimensións non permiten o paso de dous vehículos con seguridade nas dúas direccións.

18.- SOLICITUDE AUTORIZACION INSTALACIÓN SINAL INFORMATIVA -Rita M. Paisal Becerra

Visto o escrito presentado por **Rita M. Paisal Becerra**, de data 21/07/2021 (Registro de entrada nº 12.754) no que solicita información relativa a autorización para instalar unha sinal informativa de ubicación de establecemento comercial "Isolino Paisal" en estrada de Lugar de Sampedro (Palmeira).

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Policía Local, de data 31/07/2021.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar a instalación dunha sinal informativa de ubicación de establecemento comercial "Isolino Paisal" en estrada de Lugar de Sampedro (Palmeira), xa que, sobre a ubicación e o tamaño da sinal, en canto a tráfico e seguridade vial non existe ningún inconveniente. Sen embargo deberá instalarse o máis próximo ao talud de terra, para que deste xeito se



faciliten as labores de desbroce das cunetas, según o sinalado no citado informe policial.

19.- ACHEGA CONCEDIDA A MARÍA GORETTI BELLO SERÁNS (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 29/07/2021, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e María Goretti Bello Seráns co obxecto de regular o apoio económico da súa participación na Feria Internacional "Art Fair 2021" de Venecia coa colección de vidreiras seleccionadas pola organización desta feria.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 28/07/2021.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e María Goretti Bello Seráns co obxecto de regular o apoio económico da súa participación na Feria Internacional "Art Fair 2021" de Venecia coa colección de vidreiras seleccionadas pola organización desta feria; resultando o seu importe: 700,00 €.

20.- INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR POR DESOBEDIENCIA A REQUIRIMENTO EN MATERIA DE SANEAMIENTO -Marcelo Campaña Martínez (Exp.: 2021SANC000001)

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. Antecedentes

- Informe emitido por Juan Antonio Samartín Iglesias, Xefe de Servizo da empresa concesionaria do servizo de saneamento do Concello de Ribeira (Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.), de data 10 de setembro de 2020, no que se dá conta do estado das conexións de saneamento na rúa Pedro Arias.
- A rúa Pedro Arias conta con rede separativa de augas fecais e pluviais dende o ano 2006, data na que foron executadas polo Concello as obras de renovación dos servizos municipais nesa zona.
- Na revisión efectuada detectouse que varias vivendas da rúa Pedro Arias non contan con acometida á rede de sumidoiros municipal, xa que seguen vertendo as súas augas fecais a unha antiga canalización sita no interior dos inmobles e que conecta augas abaixo á rede municipal.
- Os servizos técnicos municipais teñen coñecemento dunha grave situación de insalubridade motivada polos vertidos de augas residuais á antiga rede, de imposible



reparación ao non poder acceder por estar baixo as vivendas, concretamente no entorno entre os números 2 e 14 da rúa Pedro Arias.

- A vivenda localizada no núm. 4 da rúa Pedro Arias é unha das que non contan con acometida directa á rede de sumidoiros municipal.

- Decreto de Alcaldía, de data 11 de setembro de 2020, mediante o que se inicia expediente de requirimento a Marcelo Campaña Martínez (-----033N), en calidade de titular da finca urbana de referencia catastral 0518302NH0101N0001BF, localizada na rúa Pedro Arias, núm. 4, Ribeira, para que proceda a conectar as augas residuais da vivenda á rede municipal empregando a acometida independente executada polo Concello tralas obras de mellora de servizos que se executaron no ano 2006 na rúa Pedro Arias (caída natural), ou ben, mediante bombeo, cara a rede pública localizada na rúa Lorenzo Varela. Notificación practicada en data 15 de setembro de 2020.

- Escrito presentado por Marcelo Campaña Martínez (-----033N), Sofía Fernández Fernández (-----487B) e Sabina Castelao Sende (-----615A), de data 28 de setembro de 2020 (entrada núm. 12.316), mediante o que presentan alegacións ao requirimento efectuado.

- Decreto de Alcaldía, de data 29 de marzo de 2021, mediante o que se resolve o expediente de requirimento a Marcelo Campaña Martínez (-----033N), en calidade de titular da finca urbana de referencia catastral 0518302NH0101N0001BF, localizada na rúa Pedro Arias, núm. 4, Ribeira, requiríndolle para que nun prazo de dous (2) meses, a contar dende a data de notificación do acordo, proceda a conectar as augas residuais da vivenda á rede municipal empregando a acometida independente executada polo Concello tralas obras de mellora de servizos que se executaron no ano 2006 na rúa Pedro Arias (caída natural), ou ben, mediante bombeo, cara a rede pública localizada na rúa Lorenzo Varela. Notificación practicada en data 26 de abril de 2021.

- Escrito da Alcaldía de data 2 de xullo de 2021, dirixido a Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U., mediante o que se lles solicita informe sobre a situación actual das conexións de saneamento das vivendas 2, 4 e 6 da rúa Pedro Arias, Ribeira. Acuse de notificación telemática de data 4 de xullo de 2021.

- Informe técnico emitido por Lidia Golobardas Otero, Xefa de Servizo de Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U., de data 8 de xullo de 2021 (escrito con data do 12 de xullo de 2021, entrada núm. 12.295), no que expón o seguinte: *"Unha vez recibida notificación con nº EXPEDIENTE: 2020AUGA000035, en data 04/07/2021, requirindo informe sobre o estado das conexións das vivendas sitas en Rúa Pedro Arias nº2, nº4 e nº6, o Servizo realizou nova inspección das instalacións con data o 08/07/2021.*

Realizada a inspección das vivendas indicadas, comprobouse que as vivendas non se atopan conectadas interiormente ás acometidas exteriores, polo tanto seguen estando conectadas a través da

antiga rede interior que atravesa das vivendas contiguas.

Sen nada mais polo momento, e quedando á súa disposición ante calquera aclaración pertinente no

asunto, despedímonos, aproveitando a ocasión para saudar, moi atentamente."

2. Consideracións legais/técnicas

- A solución aos problemas existentes pasa por que cada veciño se conecte á rede de saneamento municipal mediante a correspondente acometida independente, quedando fóra de servizo a antiga canalización interior, que terá que ser anulada.

- Establece o artigo 5 da *Ordenanza de Verteduras e do Servizo Municipal de Saneamento do Concello de Ribeira* (en adiante *Ordenanza de Verteduras*), ao referirse ao ámbito de aplicación da norma, o seguinte: “1. *Inclúense no ámbito desta ordenanza todas as verteduras de augas residuais, de calquera orixe, que se realicen á rede de saneamento de titularidade municipal á que se refire o Artigo 3, ou as que no futuro sexan conectadas. (...)*”

- Establece o artigo 8 da *Ordenanza de Verteduras*, ao referirse aos usuarios suxeitos, o seguinte: “1. *Todas as edificacións, industrias ou explotacións, tanto públicas como privadas, susceptibles de xeraren verteduras, con independencia do seu uso ou usos compartidos, estarán obrigadas a cumprir as disposicións e preceptos desta ordenanza, tanto nas conexións actuais como nas previstas no futuro. (...)*”

- Establece o artigo 9 da *Ordenanza de Verteduras*, ao referirse á obriga de conexión á rede municipal de saneamento, o seguinte: “1. *A conexión á rede municipal de saneamento será obrigatoria para todos os usuarios (domésticos e non domésticos) que se atopen a menos de 50 metros desta. Non obstante, por razóns técnicas, o punto exacto de conexión ou entroncamento coa rede municipal de saneamento será determinado polos técnicos municipais aínda que se supere esa distancia. / (...) 4. A acometida a rede municipal de saneamento definida no Artigo 4.1 terá carácter privativo, incluído o punto de conexión ou entroncamento coa rede municipal, substanciarase a obtención do permiso de acometida conforme o disposto no Artigo 12 e realizarase de acordo cos condicionantes técnicos do ANEXO VIII. Correspóndenlles aos usuarios as obrigas de limpeza, conservación e mantemento da dita acometida a excepción daqueles casos nos que se demostre que a deficiencia ou dano a reparar non é imputable ao mesmo. (...)*”

- Establece o artigo 28.5. da *Ordenanza de verteduras*, ao referirse ás infraccións leves, o seguinte: “(...) b) *A construción e modificación de sumidoiros, acometidas ou conexións á rede, ou instalacións anexas a esta, mesmo sendo de propiedade particular, sen ter a licenza de acometida, ou sen se axustar ás condicións sinaladas na licenza concedida ou ás características técnicas esixidas nesta ordenanza. / (...) h) As accións e omisións das que deriven danos ou perdas para a integridade ou o funcionamento dos bens de dominio público que conforman o servizo de saneamento municipal inferiores a 12.000 euros. / (...) k) A desobediencia aos requirimentos do Concello en relación coa adecuación de verteduras ou instalacións ás condicións regulamentarias, e tamén en relación coa remisión de datos e informacións sobre as características do efluente, das actividades ou procesos que o xeran, ou das instalacións de tratamento previo. / (...) m) Incumprimento de calquera prohibición establecida nesta ordenanza ou a omisión dos actos á que obriga, sempre que non estean considerados como infraccións graves ou moi graves. (...)*”

- “As accións e omisións das que deriven danos ou perdas para a integridade ou o funcionamento dos bens de dominio público que conforman o servizo de saneamento municipal inferiores a 12.000 euros” está tipificado como infracción leve na *Ordenanza de Verteduras*, de conformidade co previsto no artigo 28.5.h), podendo sancionarse con multas de ata 15.000,00 euros.



- A rúa Pedro Arias conta con rede separativa de augas fecais e pluviais dende o ano 2006, data na que foron executadas polo Concello as obras de renovación dos servizos municipais nesa zona.

- O Concello, de conformidade co previsto no artigo 25.2 da *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local*, ten atribuída a competencia de protección da salubridade pública, o que implica a adopción das medidas que sexan necesarias para corrixir e reverter situacións de insalubridade.

- Todas as edificacións, tanto públicas como privadas, susceptibles de xeraren verteduras, con independencia do seu uso ou usos compartidos, están obrigadas a cumprir as disposicións e preceptos da *Ordenanza de Verteduras*, a cal establece a obriga de conexión á rede municipal de saneamento para todos os usuarios que se atopen a menos de 50 metros desta. Asemade, por razóns técnicas, o punto exacto de conexión ou entroncamento coa rede municipal de saneamento será determinado polos técnicos municipais.

3. ACORDO

En base ao anteriormente exposto, **visto** o informe técnico con prOposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 28/07/2021, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

3.1. **Iniciar procedemento sancionador** contra Marcelo Campaña Martínez (----033N), en calidade de titular/responsable da finca urbana de referencia catastral 0518302NH0101N0001BF, localizada na rúa Pedro Arias, núm. 4, Ribeira, polos feitos e coa clasificación inicial da infracción e posibles sancións seguintes, sen prexuízo do que finalmente resulte da fase de instrución:

- Identificación da persoa/entidade presuntamente responsable: Marcelo Campaña Martínez (----033N).
- Feitos que motivan a incoación do procedemento: desobediencia ao requirimento do Concello de Ribeira de conectar interiormente as augas residuais da vivenda á rede municipal empregando a acometida independente executada polo Concello tralas obras de mellora de servizos que se executaron no ano 2006 na rúa Pedro Arias (caída natural), ou ben, mediante bombeo, cara a rede pública localizada na rúa Lorenzo Varela.
- Tipificación da infracción: artigo 28.5.k) da *Ordenanza de Verteduras*.
- Cualificación da infracción: leve, artigo 28.5.k) da *Ordenanza de Verteduras*.
- Tipo de sanción: multa (artigo 29.1.a) da *Ordenanza de Verteduras*.
- Contía da multa que puidese corresponder: **multa de ata 15.000 euros** (artigo 29.2.a) da *Ordenanza de Verteduras*).
- Proposta inicial: atendendo aos criterios de gradación das sancións previstos no artigo 29.3 da *Ordenanza de Verteduras* e tendo en conta o principio de proporcionalidade, **a proposta inicial de sanción é de 3.000,00 euros.**

3.2. Nomear como instrutor do procedemento ao Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga. Contra esta designación poderá promoverse recusación por parte dos interesados, nos casos e co procedemento previsto nos artigos 23 e 24 da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público*.

3.3. O órgano que ten atribuída a facultade de instruír e resolver os procedementos sancionadores por infraccións á *Ordenanza de Verteduras* é a Xunta de Goberno Local de acordo co establecido no artigo 32.1 da referida ordenanza.



3.4. O presunto responsable, de conformidade co disposto no punto 2.d) do artigo 64 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro*, pode recoñecer en calquera momento voluntariamente a súa responsabilidade, cos efectos previstos no artigo 85 (“1. *Iniciado un procedemento sancionador, se o infractor recoñece a súa responsabilidade, poderase resolver o procedemento coa imposición da sanción que proceda. / 2. Cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario ou ben caiba impoñer unha sanción pecuniaria e outra de carácter non pecuniario pero se xustificou a improcedencia da segunda, o pago voluntario polo presunto responsable, en calquera momento anterior á resolución, implicará a terminación do procedemento, salvo no relativo á reposición da situación alterada ou á determinación da indemnización polos danos e prexuízos causados pola comisión da infracción. / 3. En ambos casos, cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario, o órgano competente para resolver o procedemento aplicará reducións de, al menos, o 20 % sobre o importe da sanción proposta, sendo estes acumulables entre si. As citadas reducións, deberán estar determinadas na notificación de iniciación do procedemento e a súa efectividade estará condicionada ao desistimento ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción.*”)

3.5. Informar á parte interesada de que a notificación da presente resolución, pola que se incoa expediente sancionador, interrompe o prazo de prescrición da infracción que se tivese podido cometer, en caso de que este prazo non estivese xa suspendido por outros motivos.

3.6. Indicar que por parte do órgano competente para iniciar o procedemento non se acorda a adopción de medidas de carácter provisional para o inicio do procedemento sancionador, sen prexuízo das que se podan adoptar durante o mesmo de conformidade co artigo 56 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro*.

3.7. Indicar á parte interesada que dispón dun prazo de dez (10) días para formular alegacións e, se é o caso, propoñer proba concretando os medios de que pretenda valerse, de acordo co establecido nos artigos 77 e 78 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro*, advertíndolle que, de non efectuar alegacións no prazo previsto sobre o contido do acordo de iniciación, este poderá ser considerado proposta de resolución cando conteña un pronunciamento preciso acerca da responsabilidade imputada. Así mesmo, de conformidade co estipulado no artigo 53 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro*, en calquera momento do procedemento, a parte interesada ten dereito a coñecer o seu estado de tramitación e a acceder e obter copias dos documentos contidos neste.

3.8. Notificar o presente acordo á parte interesada.

3.9. Comunicar o presente acordo ao instrutor do procedemento, dándolle traslado de cantas actuacións se practicasen ao respecto.

21.- INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INCUMPRIMENTO DE REQUIRIMENTO EN MATERIA DE SANEAMENTO -Sofía Fernández Fernández (Exp.: 2021SANC000002)

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. Antecedentes



- Informe emitido por Juan Antonio Samartín Iglesias, Xefe de Servizo da empresa concesionaria do servizo de saneamento do Concello de Ribeira (Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.), de data 10 de setembro de 2020, no que se dá conta do estado das conexións de saneamento na rúa Pedro Arias.
- A rúa Pedro Arias conta con rede separativa de augas fecais e pluviais dende o ano 2006, data na que foron executadas polo Concello as obras de renovación dos servizos municipais nesa zona.
- Na revisión efectuada detectouse que varias vivendas da rúa Pedro Arias non contan con acometida á rede de sumidoiros municipal, xa que seguen vertendo as súas augas fecais a unha antiga canalización sita no interior dos inmobles e que conecta augas abaixo á rede municipal.
- Os servizos técnicos municipais teñen coñecemento dunha grave situación de insalubridade motivada polos vertidos de augas residuais á antiga rede, de imposible reparación ao non poder acceder por estar baixo as vivendas, concretamente no entorno entre os números 2 e 14 da rúa Pedro Arias.
- A vivenda localizada no núm. 6 da rúa Pedro Arias é unha das que non contan con acometida directa á rede de sumidoiros municipal.
- Decreto de Alcaldía, de data 11 de setembro de 2020, mediante o que se inicia expediente de requirimento a Sofía Fernández Fernández (----487B), en calidade de titular da finca urbana de referencia catastral 0518303NH0101N0001YF, localizada na rúa Pedro Arias, núm. 6, Ribeira, para que proceda a conectar as augas residuais da vivenda á rede municipal empregando a acometida independente executada polo Concello tralas obras de mellora de servizos que se executaron no ano 2006 na rúa Pedro Arias (caída natural), ou ben, mediante bombeo, cara a rede pública localizada na rúa Lorenzo Varela. Notificación practicada en data 15 de setembro de 2020.
- Escrito presentado por Marcelo Campaña Martínez (----033N), Sofía Fernández Fernández (----487B) e Sabina Castelao Sende (----615A), de data 28 de setembro de 2020 (entrada núm. 12.316), mediante o que presentan alegacións ao requirimento efectuado.
- Decreto de Alcaldía, de data 29 de marzo de 2021, mediante o que se resolve o expediente de requirimento a Sofía Fernández Fernández (----487B), en calidade de titular da finca urbana de referencia catastral 0518303NH0101N0001YF, localizada na rúa Pedro Arias, núm. 6, Ribeira, requiríndolle para que nun prazo de dous (2) meses, a contar dende a data de notificación do acordo, proceda a conectar as augas residuais da vivenda á rede municipal empregando a acometida independente executada polo Concello tralas obras de mellora de servizos que se executaron no ano 2006 na rúa Pedro Arias (caída natural), ou ben, mediante bombeo, cara a rede pública localizada na rúa Lorenzo Varela. Notificación practicada en data 26 de abril de 2021.
- Escrito da Alcaldía de data 2 de xullo de 2021, dirixido a Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U., mediante o que se lles solicita informe sobre a situación actual das conexións de saneamento das vivendas 2, 4 e 6 da rúa Pedro Arias, Ribeira. Acuse de notificación telemática de data 4 de xullo de 2021.
- Informe técnico emitido por Lidia Golobardas Otero, Xefa de Servizo de Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U., de data 8 de xullo de 2021 (escrito con data do 12 de



xullo de 2021, entrada núm. 12.295), no que expón o seguinte: “Unha vez recibida notificación con nº EXPEDIENTE: 2020AUGA000035, en data 04/07/2021, requirindo informe sobre o estado das conexións das vivendas sitas en Rúa Pedro Arias nº2, nº4 e nº6, o Servizo realizou nova inspección das instalacións con data o 08/07/2021.

Realizada a inspección das vivendas indicadas, comprobouse que as vivendas non se atopan conectadas interiormente ás acometidas exteriores, polo tanto seguen estando conectadas a través da

antiga rede interior que atravesa das vivendas contiguas.

Sen nada mais polo momento, e quedando á súa disposición ante calquera aclaración pertinente no

asunto, despedímonos, aproveitando a ocasión para saudar, moi atentamente.”

2. Consideracións legais/técnicas

- A solución aos problemas existentes pasa por que cada veciño se conecte á rede de saneamento municipal mediante a correspondente acometida independente, quedando fóra de servizo a antiga canalización interior, que terá que ser anulada.

- Establece o artigo 5 da *Ordenanza de Verteduras e do Servizo Municipal de Saneamento do Concello de Ribeira* (en adiante *Ordenanza de Verteduras*), ao referirse ao ámbito de aplicación da norma, o seguinte: “1. Inclúense no ámbito desta ordenanza todas as verteduras de augas residuais, de calquera orixe, que se realicen á rede de saneamento de titularidade municipal á que se refire o Artigo 3, ou as que no futuro sexan conectadas. (...)”

- Establece o artigo 8 da *Ordenanza de Verteduras*, ao referirse aos usuarios suxeitos, o seguinte: “1. Todas as edificacións, industrias ou explotacións, tanto públicas como privadas, susceptibles de xeraren verteduras, con independencia do seu uso ou usos compartidos, estarán obrigadas a cumprir as disposicións e preceptos desta ordenanza, tanto nas conexións actuais como nas previstas no futuro. (...)”

- Establece o artigo 9 da *Ordenanza de Verteduras*, ao referirse á obriga de conexión á rede municipal de saneamento, o seguinte: “1. A conexión á rede municipal de saneamento será obrigatoria para todos os usuarios (domésticos e non domésticos) que se atopen a menos de 50 metros desta. Non obstante, por razóns técnicas, o punto exacto de conexión ou entroncamento coa rede municipal de saneamento será determinado polos técnicos municipais aínda que se supere esa distancia. / (...) 4. A acometida a rede municipal de saneamento definida no Artigo 4.1 terá carácter privativo, incluído o punto de conexión ou entroncamento coa rede municipal, substanciarase a obtención do permiso de acometida conforme o disposto no Artigo 12 e realizarase de acordo cos condicionantes técnicos do ANEXO VIII. Correspóndenlles aos usuarios as obrigas de limpeza, conservación e mantemento da dita acometida a excepción daqueles casos nos que se demostre que a deficiencia ou dano a reparar non é imputable ao mesmo. (...)”

- Establece o artigo 28.5. da *Ordenanza de verteduras*, ao referirse ás infraccións leves, o seguinte: “(...) b) A construción e modificación de sumidoiros, acometidas ou conexións á rede, ou instalacións anexas a esta, mesmo sendo de propiedade particular, sen ter a licenza de acometida, ou sen se axustar ás condicións sinaladas na licenza concedida ou ás características técnicas esixidas nesta ordenanza. / (...) h) As accións e omisións das que deriven danos ou perdas para a integridade ou o funcionamento dos bens de dominio público que conforman o servizo de saneamento municipal inferiores a 12.000 euros. / (...) k) A desobediencia aos requirimentos do Concello en relación coa adecuación de verteduras ou



instalacións ás condicións regulamentarias, e tamén en relación coa remisión de datos e informacións sobre as características do efluente, das actividades ou procesos que o xeran, ou das instalacións de tratamento previo. / (...) m) Incumprimento de calquera prohibición establecida nesta ordenanza ou a omisión dos actos á que obriga, sempre que non estean considerados como infraccións graves ou moi graves. (...)"

- "As accións e omisións das que deriven danos ou perdas para a integridade ou o funcionamento dos bens de dominio público que conforman o servizo de saneamento municipal inferiores a 12.000 euros" está tipificado como infracción leve na *Ordenanza de Verteduras*, de conformidade co previsto no artigo 28.5.h), podendo sancionarse con multas de ata 15.000,00 euros.

- A rúa Pedro Arias conta con rede separativa de augas fecais e pluviais dende o ano 2006, data na que foron executadas polo Concello as obras de renovación dos servizos municipais nesa zona.

- O Concello, de conformidade co previsto no artigo 25.2 da *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local*, ten atribuída a competencia de protección da salubridade pública, o que implica a adopción das medidas que sexan necesarias para corrixir e reverter situacións de insalubridade.

- Todas as edificacións, tanto públicas como privadas, susceptibles de xeraren verteduras, con independencia do seu uso ou usos compartidos, están obrigadas a cumprir as disposicións e preceptos da *Ordenanza de Verteduras*, a cal establece a obriga de conexión á rede municipal de saneamento para todos os usuarios que se atopen a menos de 50 metros desta. Asemade, por razóns técnicas, o punto exacto de conexión ou entroncamento coa rede municipal de saneamento será determinado polos técnicos municipais.

3. ACORDO

En base ao anteriormente exposto, **visto** o informe técnico con prOposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 28/07/2021, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

3.1. **Iniciar procedemento sancionador** contra Sofía Fernández Fernández (----487B), en calidade de titular da finca urbana de referencia catastral 0518303NH0101N0001YF, localizada na rúa Pedro Arias, núm. 6, Ribeira, polos feitos e coa clasificación inicial da infracción e posibles sancións seguintes, sen prexuízo do que finalmente resulte da fase de instrución:

- Identificación da persoa/entidade presuntamente responsable: Sofía Fernández Fernández (----487B).
- Feitos que motivan a incoación do procedemento: desobediencia ao requirimento do Concello de Ribeira de conectar interiormente as augas residuais da vivenda á rede municipal empregando a acometida independente executada polo Concello tralas obras de mellora de servizos que se executaron no ano 2006 na rúa Pedro Arias (caída natural), ou ben, mediante bombeo, cara a rede pública localizada na rúa Lorenzo Varela.
- Tipificación da infracción: artigo 28.5.k) da *Ordenanza de Verteduras*.
- Cualificación da infracción: leve, artigo 28.5.k) da *Ordenanza de Verteduras*.
- Tipo de sanción: multa (artigo 29.1.a) da *Ordenanza de Verteduras*.



f) Contía da multa que puidese corresponder: **multa de ata 15.000 euros** (artigo 29.2.a) da *Ordenanza de Verteduras*).

g) Proposta inicial: atendendo aos criterios de gradación das sancións previstos no artigo 29.3 da *Ordenanza de Verteduras* e tendo en conta o principio de proporcionalidade, a **proposta inicial de sanción é de 3.000,00 euros**.

3.2. Nomear como instrutor do procedemento ao Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga. Contra esta designación poderá promoverse recusación por parte dos interesados, nos casos e co procedemento previsto nos artigos 23 e 24 da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público*.

3.3. O órgano que ten atribuída a facultade de instruír e resolver os procedementos sancionadores por infraccións á *Ordenanza de Verteduras* é a Xunta de Goberno Local de acordo co establecido no artigo 32.1 da referida ordenanza.

3.4. O presunto responsable, de conformidade co disposto no punto 2.d) do artigo 64 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro*, pode recoñecer en calquera momento voluntariamente a súa responsabilidade, cos efectos previstos no artigo 85 (*"1. Iniciado un procedemento sancionador, se o infractor recoñece a súa responsabilidade, poderase resolver o procedemento coa imposición da sanción que proceda. / 2. Cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario ou ben caiba impoñer unha sanción pecuniaria e outra de carácter non pecuniario pero se xustificou a improcedencia da segunda, o pago voluntario polo presunto responsable, en calquera momento anterior á resolución, implicará a terminación do procedemento, salvo no relativo á reposición da situación alterada ou á determinación da indemnización polos danos e prexuízos causados pola comisión da infracción. / 3. En ambos casos, cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario, o órgano competente para resolver o procedemento aplicará reducións de, al menos, o 20 % sobre o importe da sanción proposta, sendo estes acumulables entre si. As citadas reducións, deberán estar determinadas na notificación de iniciación do procedemento e a súa efectividade estará condicionada ao desistimento ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción."*)

3.5. Informar á parte interesada de que a notificación da presente resolución, pola que se incoa expediente sancionador, interrompe o prazo de prescrición da infracción que se tivese podido cometer, en caso de que este prazo non estivese xa suspendido por outros motivos.

3.6. Indicar que por parte do órgano competente para iniciar o procedemento non se acorda a adopción de medidas de carácter provisional para o inicio do procedemento sancionador, sen prexuízo das que se podan adoptar durante o mesmo de conformidade co artigo 56 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro*.

3.7. Indicar á parte interesada que dispón dun prazo de dez (10) días para formular alegacións e, se é o caso, propoñer proba concretando os medios de que pretenda valerse, de acordo co establecido nos artigos 77 e 78 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro*, advertíndolle que, de non efectuar alegacións no prazo previsto sobre o contido do acordo de iniciación, este poderá ser considerado proposta de resolución cando conteña un pronunciamento preciso acerca da responsabilidade imputada. Así mesmo, de conformidade co estipulado no artigo 53 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro*, en calquera momento do procedemento, a parte interesada ten dereito a coñecer o seu estado de tramitación e a acceder e obter copias dos documentos contidos neste.



3.8. Notificar o presente acordo á parte interesada.

3.9. Comunicar o presente acordo ao instrutor do procedemento, dándolle traslado de cantas actuacións se practicasen ao respecto.

22.- AMPLIACIÓN AUTORIZACIÓN INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – JORGE GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Visto o escrito presentado por **Jorge González González**, de data 04/08/2021 (Registro de entrada nº 13.628), no que solicita a ampliación de permiso da churrería de Corrubedo para as datas entre o 1 de setembro ata o 30 de setembro de 2021.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a ampliación da autorización para a instalación temporal de posto de venda ambulante de churros situado en Corrubedo, do 01/09/2021 ao 30/09/2021.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:00 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

